

No anexo aparece a clasificación (nivel básico, medio ou alto) do ficheiro creado baixo esta orde.

O titular do órgano responsable deste ficheiro adoptará as medidas de xestión e organización que sexan necesarias, asegurando a súa confidencialidade e os dereitos e obrigas recoñecidas na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.

#### *Disposición adicional*

No caso de cesións dos datos aos servizos de estatística das administracións públicas haberá que atenderse, ademais, ao disposto na normativa vixente sobre materia estatística.

#### *Disposición derradeira*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 6 de abril de 2009.

Ricardo Jacinto Varela Sánchez  
Conselleiro de Traballo

#### *ANEXO*

#### **Ficheiro de nova creación responsabilidade da Consellería de Traballo**

Nome e descrición do ficheiro	Asociacións profesionais
Finalidade do ficheiro e usos previstos	Xestionar o rexistro de asociacións profesionais en materia laboral
Órgano responsable do ficheiro	Dirección Xeral de Relacións Laborais
Persoas e colectivos sobre os que se pretende obter datos ou que resulten obrigados a subministralos	Persoas físicas integrantes de xuntas directivas de asociacións profesionais
Servizos ou unidades ante os que poden exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición	Consellería de Traballo. Dirección Xeral de Relacións Laborais. Edificio administrativo San Lázaro s/n, 15781 Santiago de Compostela. A Coruña. (lop.d.traballo@xunta.es)
Nivel do ficheiro	Baixo
Procedencia e procedemento de recollida de datos	Procedencia: os propios interesados ou os seus representantes Procedemento: formularios electrónicos e papel
Tipos de datos de carácter persoal (categorías de datos)	Datos de carácter identificativo: DNI/NIF, nome, apelidos, enderezo (postal/electrónico), teléfono, teléfono móbil Outros datos: detalles de emprego
Sistema de tratamento	Mixto
Comunicacións ou cesións de datos	Non están previstas
Transferencias internacionais de datos a terceiros países	Non están previstas

*Resolución do 1 de abril de 2009, da Dirección Xeral de Promoción do Emprego, pola que se dispón a publicación, no Diario Oficial de Galicia, dos acordos sobre a taxa sectorial de estabilidade acordados ao abeiro da Orde do 16 de decembro de 2008 pola que se establece o procedemento e os requisitos necesarios para acadar os acordos sobre a taxa de estabilidade en sectores de actividade.*

A Orde do 16 de decembro de 2008 (DOG nº 247, do 22 de decembro) pola que se establece o proce-

demento e os requisitos para acadar os acordos sobre a taxa de estabilidade en sectores de actividade, establece no artigo 2 os sectores produtivos que poderán ser obxecto de acordo sobre a taxa sectorial de estabilidade, para os efectos de determinar as taxas de estabilidade inicial e mínima destes sectores para poder acceder aos incentivos establecidos na Orde do 30 de decembro de 2008 pola que se establecen as bases reguladoras do programa de incentivos a plans empresariais de estabilidade laboral, cofinanciado polo Fondo Social Europeo, e se procede á súa convocatoria para o ano 2009 (DOG nº 10, do 15 de xaneiro), dispoñendo no artigo 6º que os citados acordos serán obxecto de publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Consonte o anterior, a Dirección Xeral de Promoción do Emprego

#### *ACORDA:*

Primeiro.-Publicar a taxa de estabilidade inicial do sector e a taxa de estabilidade mínima que deberán acadar as empresas do sector coas contratacións que se realicen no período outubro de 2008 a setembro 2009, establecidas nos acordos recollidos nas actas: acta 1/09, do 4 de febreiro de 2009, para o sector da agricultura; acta 1/09, do 4 de febreiro de 2009, para o sector de industria téxtil e da confección; acta 1/09, do 6 de febreiro de 2009, para o sector de hostalería; acta 1/09, do 20 de febreiro de 2009, para o sector de comercio; acta 1/09, do 5 de marzo de 2009, para o sector da construción, acta 1/09, do 27 de marzo de 2009, para o sector de pompas fúnebres de Galicia, e acta 1/09, do 30 de marzo de 2009, para o sector agroalimentario, que constan en poder do Consello Galego de Relacións Laborais e que son as seguintes:

CNAE	Actividade	T.E. inicial		T.E. mínima	
01	Agricultura	72,5%		74%	
02	Silvicultura, explotación forestal	62%		66%	
13 14	Industria téxtil e da confección	Ata 50 traballadores	Máis de 50 traballadores	Ata 50 traballadores	Máis de 50 traballadores
		57%	72,5%	57,5%	73,5%
55 56	Hostalaría	70%		71,5%	
47	Sector de comercio	73,75%		74,75%	
41 42 43	Construción	67%		67,1%	
96.03	Pompas fúnebres	87,5%		88,50%	
10 11	Sector agroalimentario	68%		70%	

Santiago de Compostela, 1 de abril de 2009.

Álvaro Ansias Bacelar  
Director xeral de Promoción de Emprego